



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
Servizo de Inspección Educativa

Praza da Estrela 9 - 4º  
36201 VIGO  
Tel.: 986 817544 - 986 817626 Fax: 986 817655  
inspeccion.vigo@edu.xunta.es

galicia

## ESCOLARIZACIÓN

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN

**PRAZO:** do 1 ao 20 de marzo

**MODOS:** Pódese facer a través dun dos seguintes:

1. Aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
2. No centro de primeira opción

Unha única solicitude, na que se poden pór ata 6 centros por orde de preferencia

### DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a
- Certificado oficial do expediente académico, no seu caso
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor, no seu caso

### FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

**PRAZO:** Infantil e Primaria: do 20 ao 30 de xuño

ESO e Bacharelato: Ordinario: 25 de xuño ao 10 de xullo

Extraordinario: 1 ao 10 de setembro

Unha vez adxudicada a praza escolar se non se formaliza a matrícula nos prazos establecidos, pérdese a vacante adxudicada e pérdese a praza escolar do centro educativo no que estaba matriculado/a o alumno/a anteriormente

### CONSULTA

Os centros publicarán as listaxes de admitidos/non admitidos:

Listados provisionais: **antes do 25 de abril** (Reclamación: 5 días hábiles a partir do seguinte á publicación das listaxes)

Listados definitivos: **antes do 15 de maio**

O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes:

- A través da aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
- Utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante

**FORMULARIOS:** Reserva de praza (ED550A), Solicitude de admisión (ED550B)

Os formularios normalizados de serán facilitados gratuitamente:

- Nos correspondentes centros docentes
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>)
- Na aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

### NORMATIVA

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012)
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013)
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017)

<b>Existencia de irmáns no centro:</b>	
Por un/unha irmá/án matriculado no centro	8 puntos
Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro	2 puntos cada un
Por irmáns nados dun parto múltiple, outogaráselle a cada un/unha delas/deles a puntuación prevista para unha irmá ou irmán matriculados no centro, sempre que soliciten o mesmo centro e o domicilio familiar estea na mesma área de influencia do centro.	

<b>Por ser traballador do propio centro:</b>	
Por nai, pai, titores ou titores legais que traballen no centro	3 puntos

<b>Por proximidade do domicilio familiar ao centro: (domicilio e lugar de traballo non suman)</b>	
Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro	6 puntos
Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos

<b>Pola proximidade do lugar de traballo ao centro: (domicilio e lugar de traballo non suman)</b>	
Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro	4 puntos
Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	2 puntos

<b>Pola renda anual da unidade familiar:</b>	
Pola renda per cápita da unidade familiar (IPREM) se é inferior a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
Se é igual ou superior a 0,5 veces e inferior a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM	1 punto
Se é igual ou superior ao IPREM	0 puntos

<b>Por pertencer a unha familia numerosa:</b>	
Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos

<b>Por familia monoparental:</b>	2 puntos
----------------------------------	----------

<b>Por discapacidade:</b>	
Do alumno/a	4 puntos
Da nai, pai ou titor legal	3 puntos
Na algún dos irmáns ou irmás do alumno/a	1 punto

<b>Valoración do expediente académico para o acceso ao bachillerato:</b>	
Nota media de sobresaliente	2 puntos
Nota media de notable	1 punto
Nota media de ben	0,50 puntos

<b>Por criterios complementarios:</b>	
Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión	1 punto